



San Sadurniño

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2023

ANTECEDENTES:

Con data do 01/02/2023 (DOG nº 22) a Consellería de Emprego e Igualdade publicou a Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

Esta subvención está destinada á contratación de persoal temporal por parte dos concellos para realizar tarefas de limpeza e mantemento de vías e propiedades municipais.

Con data do 23/02/2023 o Concello presentou unha solicitude ao devandito programa para a contratación de persoal temporal para a execución dos ditos servizos municipais.

Con data do 19/04/2023 recibíuse a resolución de concesión definitiva da subvención do referido programa, sendo o Concello de San Sadurniño beneficiario dunha axuda de 13.970,00 euros.

Debido á urxencia para realizar a contratación do persoal concedido, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

1. Aprobar as bases para a contratación laboral temporal dunha praza de oficial forestal subvencionada ao abeiro da subvención da Consellería de Emprego e Igualdade para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio 2023.

2. Nomear ao seguinte tribunal de selección:

- Presidente: Mónica Cebreiro Caneiro ou funcionario/a que o substitúa
- Secretaria: Olalla Alvarez de Neira Martínez
- Vogal: Juan José Rodríguez Sueiras ou traballador/a que o substitúa

3. Instar ao persoal municipal, e nomeadamente ao tribunal de selección, para que proceda, á maior brevidade, cos trámites para a selección e a urxente contratación do persoal temporal citado



Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe

Anexo

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2023

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é marcar os criterios de selección de traballadores e traballadoras para cubrir unha praza de traballo temporal no marco da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural 2023).

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS

Os postos que se van contratar terán as seguintes características:

- Posto e número: 1 Oficial forestal, encargado de tarefas de limpeza de vías municipais e roza de maleza
- Contrato: contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (modelo 405)
- Duración: 9 meses
- Tipo de xornada: completa
- Retribucións (salario bruto mensual, coas pagas extras pro rateadas): 1.260 euros/mes

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

A publicidade das bases deste proceso selectivo farase mediante anuncio na web municipal (www.sansadurnino.gal) e no taboleiro de anuncios.

O resto de anuncios sucesivos vinculados a este proceso selectivo faranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de San Sadurniño.

CUARTA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Os requisitos das persoas aspirantes son os seguintes:

- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o



emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección, coma no da formalización do contrato de traballo coas cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral

- Ter a nacionalidade española e ser maior de 16 anos, con idade non superior á de xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como das persoas estranxeiras residentes en España
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións
- Ter a capacidade física axeitada para ocupar o posto de traballo, e nomeadamente para utilizar as ferramentas propias do posto (motoserras, rozadoras de fío ...)
- Os traballadores e as traballadoras que foran contratadas, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola actual Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados ao abeiro do presente programa

QUINTA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o seguinte:

- Introducción da oferta no SPEG, sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do servizo, consonte o indicado no artigo 14 da convocatoria
- Fase de concurso: valoración de méritos
- Puntuación final e proposta da persoa candidata á Alcaldía



SEXTA.- CHAMAMENTO E DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR

Unha vez recibidos os currículos das persoas candidatas, enviados por parte do SPEG, procederase a realizar unha listaxe de persoas admitidas, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios.

Asemade, coa aprobación desa listaxe marcarase a data para que as persoas candidatas admitidas poidan presentar a documentación para poder valorar os seus méritos.

SÉTIMA.- FASE DE CONCURSO

O tribunal cualificador valorará:

1.- Formación (ata un máximo de 3 puntos)

Por teren rematado favorablemente programas ou cursos de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas, con relación co posto de traballo ao que se opta (acreditarse mediante presentación dos diplomas ou documentos acreditativos da realización das actividades formativas

Por cada curso realizado por calquera organismo oficialmente homologado:

- Por cada curso de 0-50 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso de 51-100 horas: 0,25 puntos
- Por cada curso de 101-299 horas: 0,50 puntos
- Por cada curso de máis de 300 horas: 1 punto

2. - Circunstancias socioeconómicas (ata un máximo de 7 puntos)

Valoraranse as circunstancias persoais con especiais dificultades de inserción laboral de cada aspirante con 1 punto por cada unha que conorra, ata un máximo de 7 puntos:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítima de violencia de xénero
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- Persoas desempregadas de longa duración (máis dun ano como demandantes de emprego)
- Persoas con discapacidade



- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións ou subsidios por desemprego
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da RISGA
- Responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento
- Persoas que non cobren subsidio de desemprego nin outras rendas non contributivas

OITAVA.- VALORACIÓN FINAL E PROPOSTA DE CANDIDATO/A

Unha vez rematada a valoración da fase de concurso, o tribunal sumará os puntos obtidos por cada persoa candidata e propondrá á Alcaldía o nomeamento da persoas que obtivesen as puntuacións máis elevadas.

No caso de empate terán preferencia as persoas que non perciban ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate as persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

O resto de persoas que non fosen eliminadas durante o proceso selectivo formarán unha lista de agarda, á que se recorrerá no caso de ter que realizar contratacións de substitución das persoas seleccionadas inicialmente.

NOVENA.- TRIBUNAL

O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- Presidente: Mónica Cibreiro Caneiro ou funcionario/a que o substitúa
- Secretaria: Olalla Alvarez de Neira Martínez
- Vogal: Juan José Rodríguez Sueiras ou traballador/a que o substitúa

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.



Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando neles concorran circunstancias previstas de abstención recollidas na normativa de procedemento administrativo común. Ademais, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dese calquera das circunstancias de abstención.

Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, do que é responsable o Concello de San Sadurniño.

A finalidade do tratamento é o procedemento de selección e contratación laboral temporal para cubrir o posto ó que se refiren as presentes bases, dentro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural 2023)

Mediante a participación neste proceso, as persoas aspirantes manifestan o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade antes indicada que comprende o rexistro de solicitudes de aspirantes, a cualificación de probas e avaliación das persoas candidatas, así como a provisión de postos e confección de listas de substitución. Os datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade antes indicada

San Sadurniño, na data que figura na marxe

O Alcalde

Secundino García Casal

